

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL RELATIVO A ACTIVIDADES DE INTERÉS XERAL ENTRE SOGAMA S.A E O CONCELLO DE TORDOIA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar co Concello de Ordes o instrumento convencional arriba referido con efectos dende a súa firma ata o 30 de setembro de 2022.

#### **Antecedentes**

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia que decidan xestionar os seus residuos a través desta sociedade ten a implantación das súas instalacións principais de tratamento no Concello de Cerceda, limítrofe ao Concello de Tordoia.

Que a Sociedade Galega de Medio Ambiente vén asinando convenios de colaboración con outros Concellos limítrofes coas súas principais instalacións de Xestión de Residuos Urbanos en Galicia, integrada polo Complexo Ambiental e o Vertedoiro de Areosa no Concello de Cerceda, como é o caso de Tordoia.

Que o Concello de Tordoia vén desenvolvendo unha intensa actividade sociocultural onde destaca a Casa da Cultura, que presta servizos á poboación maior, ademais de acoller actos culturais para a poboación. Neste sentido, as instalacións precisaron dotarse dunha estrutura que lles permita cubrir as necesidades do colectivo de maiores, entre os que se atopan persoas que viron minguadas as súas facultades físicas e/ou cognitivas.

Que SOGAMA entende que debe seguir aportando recursos ao seu alcance como cooperación para a mellora do medio natural e social dos municipio da súa área de influencia, e seguir impulsando o seu crecemento económico, a xeración de riqueza e emprego estable e, en definitiva, a mellorar a calidade de todos os seus habitantes. Todo o anterior xustifica e fundamenta o marcado interese público, social e económico que ten e persegue a formalización do convenio analizado.

### **Finalidade e Obxecto do Convenio**

O obxecto deste convenio é a colaboración entre ambas as institucións do sector público para obter o financiamento dos custos das obras correspondentes á remodelación da Casa da Cultura, segundo un informe elaborado para o Concello polo Estudio Técnico Galega, S.A.. A Casa da Cultura presta servizos de interese público aos veciños da vila, especialmente aos maiores.

### **Fundamentación do instrumento convencional:**

Ademais do contido nos antecedentes anteriormente expostos, a sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de que se siga mantendo un axeitado clima de harmonía, necesario para que sigan convivindo de forma axeitada as instalacións industriais complexas que conforman a actividade de SOGAMA, cun municipio de carácter eminentemente rural que, por ser limítrofe e pola súa situación xeográfica, soporta a meirande parte do tráfico pesado de transporte dos residuos. que entran e saen das instalacións, entendendo ambas partes que o desenvolvemento sostible, tanto económico, social e medioambiental do Concello deben ir parellos, sendo este o obxectivo principal deste Convenio.

Para isto SOGAMA entende que debe seguir aportando recursos ao seu alcance como cooperación para a mellora da contorna natural e social do municipio, favorecendo o seu crecemento económico, a xeración de riqueza e emprego estable, contribuíndo a mellorar a calidade de vida de todos os seus habitantes. Todo o anterior, xustifica e fundamenta sobradamente o marcado interese público, social e económico que ten e persigue a formalización deste convenio.

Por último, o convenio enmárcase nas actividades da responsabilidade social da Sociedade Galega do Medio Ambiente, sendo o negocio xurídico privado, instrumentado mediante un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de mecenado, regulado polo artigo 25 da Lei 49/2002 de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins de Lucro e dos incentivos ao Mecenado.

O convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 15.000 euros, con cargo aos seus orzamentos, a aboar na anualidade de 2022.

Ao non superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, nin unha anualidade de duración, o convenio non precisa a autorización previa do Consello da Xunta

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao tratarse dun convenio de colaboración de conformidade co establecido no artigo 6.2 de dita norma, sen prexuízo de que, da acordo co previsto no seu artigo 4º, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino  
Presidente